



PROGRAMA XOU PORTAS ABERTAS OURENSE 2019

CANDO?
18/XUÑO/2019

ONDE?
PAVILLÓN POLIDEPORTIVO UNIVERSITARIO
DO CAMPUS (ZONA STANDS)
ESCOLAS E FACULTADES (VISITAS E CHARLAS)

QUEN PODE ASISTIR?
ALUMNADO DE ESO E BACHARELATO,
PROFESORADO, ORIENTADORES/AS E FAMILIAS

PROGRAMA:

10:00 h- (peche ás 14:00 h) Apertura dos *stands* das escolas e facultades do Campus de Ourense. Ofrécese información de todos os títulos da Universidade de Vigo impartidos no Campus de Ourense. Os centros participantes son: **Facultade de Ciencias, Facultade de Ciencias da Educación, Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo, Facultade de Dereito, Facultade de Historia, Escola Superior de Enxeñaría Informática, Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo**. Permanecerán abertos ata as 14:00 h. Ademais de información sobre as titulacións e sobre os servizos xerais da universidade, nos *stands* ofreceranse obradoiros e exhibicións. A xornada no pavillón estará amenizada polo robot da UVigo, EVI, e poderase gozar doutras actividades lúdicas e deportivas.

Onde? Pavillón Polideportivo Universitario do Campus de Ourense.

10:45 h Visita guiada organizada pola Facultade de Ciencias da Educación.

Onde? Inicio na Sala Multiusos Emilia Pardo Bazán. Organización en grupos para visitas simultáneas a catro espazos¹.

11:00-11:45 h "Coffee-Break Empresa e Turismo". Degustación e charla informativa.

Onde? Salón de Graos, Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense.

12:00 h Charla sobre a oferta formativa da Facultade de Dereito. Inclúe visita ás instalacións.

¹ **1. Idiomas.** Ven coñecer o laboratorio de linguas e ferramentas tecnolóxicas aplicadas á aprendizaxe de idiomas (Edificio de Ferro, Aula 308). Grupo* 1 (11:00-11:30); Grupo 2 (11:30-12:00); Grupo 3 (12:00-12:30); Grupo 4 (12:30-13:00)

2. Educación artística. Ven coñecer o noso Museo Pedagóxico, a Sala de Música e a Sala de Expresión Artística, nas que poderás descubrir as exposicións nas que se recollen exemplos dos traballos do alumnado de Educación Infantil e Primaria (3º andar do Edificio de Ferro). Grupo 2 (11:00-11:30); Grupo 1 (11:30-12:00); Grupo 4 (12:00-12:30); Grupo 3 (12:30-13:00)

3. Ciencias Experimentais. Ven coñecer o laboratorio de Didáctica das Ciencias Experimentais onde os futuros mestres e mestras traballan múltiples recursos e estratexias para ensinar ciencias nas distintas etapas educativas (Laboratorio de Ciencias Experimentais, Pavillón 1). Grupo 3 (11:00-11:30); Grupo 4 (11:30-12:00); Grupo 1 (12:00-12:30); Grupo 2 (12:30-13:00)

4. A radio como ferramenta socioeducativa. Ven experimentar a maxia da radio, responsabilidade de asociacións de alumnado do Campus nas que se desenvolverán dinámicas colaborativas e de experiencias de gravación (Pavillón Estudiantil). Grupo 4 (11:00-11:30); Grupo 3 (11:30-12:00); Grupo 2 (12:00-12:30); Grupo 1 (12:30-13:00)

* Os grupos dependerán da demanda das visitas.

Onde? Facultade de Dereito.

12:00-13:00 h “Fai historia con nós”. Actividade que inclúe o obradoiro “E se non houbera...” e posterior visita guiada á Facultade de Historia.

Onde? Inicio ás 12:00 no *stand* do Pavillón Polideportivo Universitario do Campus e saída posterior ás instalacións da Facultade de Historia.

13:00 h Actividade deportiva: pausa activa.

Onde? Pavillón Polideportivo Universitario do Campus de Ourense.

14:00 h Peche dos *stands* informativos e clausura da xornada.

Onde? Pavillón Universitario do Campus de Ourense.

